



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Igualdade e mercado de traballo

Materia	Igualdade e mercado de traballo			
Código	V08G211V01912			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Outros			
Departamento				
Coordinador/a	de Cominges Cáceres, Javier			
Profesorado	de Cominges Cáceres, Javier			
Correo-e	javiercominges@gmail.com			
Web				
Descrición	Coñecemento do principio de igualdade e a súa aplicación práctica ao mercado de traballo xeral			

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Capacidade para buscar, analizar y sintetizar información para construír argumentos y emitir xuízos en diferentes ámbitos de actuación profesional			
B3	Capacidade para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional			
B4	Capacidade para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional			
B5	Capacidade para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional			
C7	Conocer el marco normativo regulador de las relaciones laborales y capacidad de asesoramiento laboral			
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética y con responsabilidade social como cidadano y como profesional, respetando la diversidade y multiculturalidade			

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais e capacidade de asesoramento laboral.	A2 A3 A5	B1 B3 B4 B5	C7	D4

### Contidos

Tema	
------	--

Lección 1. Igualdade e non discriminación. Antecedentes e delimitación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- Fontes normativas do dereito de igualdade e non discriminación no ámbito laboral: internacionais e estatais</li> <li>2.- As dimensións da igualdade como valor, principio e dereito</li> <li>3.- Igualdade formal, a igualdade material.</li> <li>4.- Concepto de discriminación: A non discriminación. Prohibicións de discriminacións directas e indirectas.</li> <li>5.- Accións positivas e discriminación inversa.</li> </ul>
Lección 2.- Marco xurídico. As causas de discriminación	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- Exposición xeral das causas de discriminación: artigo 14 da Constitución Española e 17 do Estatuto dos Traballadores</li> <li>2.- Discriminación por orixe racial ou étnico</li> <li>3.- Discriminación por relixión ou conviccións</li> <li>4.- Discriminación por razón de sexo, por razón de xénero e por razón da orientación sexual</li> <li>5.- Discriminación por idade</li> <li>6.- Discriminación por discapacidade e enfermidade</li> <li>7.- Outras causas de discriminación</li> <li>8.- A discriminación múltiple</li> </ul>
Lección 3. A igualdade por razón de xénero non acceso ao emprego e na formación e promoción profesional.	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- O acceso ao emprego dende unha perspectiva de xénero.</li> <li>2.- Discriminacións directas e indirectas no acceso ao emprego</li> <li>3.- A igualdade na formación e promoción.</li> <li>4.- Medidas de acción positiva e medidas de igualdade de oportunidades</li> </ul>
Lección 4. A igualdade por razón de xénero nas condicións de traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- No traballo a tempo parcial.</li> <li>2.- No traballo a distancia</li> <li>3.- No traballo temporal e nas ETT</li> <li>4.- Garantías de estabilidade fronte a extincións discriminatorias.</li> </ul>
Lección 5. Igualdade na retribución e beneficios sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Principio de igualdade retributiva por razón de sexo: recoñecemento normativo</li> <li>2. Causas da brecha salarial por razón de sexo</li> <li>3.- O concepto de retribución</li> <li>4.- O concepto de igual valor</li> <li>5.- Aplicabilidade directa e dereitos fundamentais</li> <li>6. Brecha nos beneficios sociais</li> </ul>
Lección 6. A igualdade por razón de xénero nos dereitos de conciliación da vida familiar e laboral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- Principios esenciais e estruturais dos dereitos de conciliación</li> <li>2.- Aproximación ao réxime legal dalgúns dereitos de conciliación (redución de xornada por coidado de fillos o familiares, permiso de lactancia, excedencia por coidado de fillos o familiares)</li> <li>3.- O tempo de traballo e a xornada flexible.</li> </ul>
Lección 7. Maternidade e saúde laboral	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.- Evolución normativa da protección por maternidade: a triple perspectiva da saúde, a igualdade e o xénero.</li> <li>2.- Réxime xurídico dos dereitos de maternidade: permiso por nacemento, risco durante o embarazo e risco durante a lactancia natural.</li> </ul>
Lección 8. Acoso e as súas distintas manifestacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto de acoso discriminatorio</li> <li>2. Acoso por razón de sexo</li> <li>3. Acoso por razón de xénero</li> <li>4. Acoso por razón de orientación sexual</li> <li>5. Outras manifestacións do acoso discriminatorio</li> <li>6.- O deber empresarial de protección fronte ao acoso.</li> <li>7. Tutela fronte ao acoso discriminatorio</li> </ul>
Lección 9. O principio de igualdade na negociación colectiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. A tutela da igualdade na negociación colectiva</li> <li>2. Os plans de igualdade.</li> <li>3. Boas prácticas en materia de igualdade nos convenios colectivos</li> </ul>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	36	72
Estudo de casos	15	15	30
Práctica de laboratorio	5	0	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	26	27
Exame de preguntas obxectivas	1	10	11
Proxecto	0	5	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
-----------------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Atenderanse todas as dúbidas que teñan as alumnas/os.
Lección maxistral	Atenderanse todas as dúbidas que teñan as alumnas/os.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Práctica de laboratorio	Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba /exame final. Trátase dunha proba/exame práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso práctico no que alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuatrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 25% da nota final.	25	A2 B5 C7 D4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/exame final. Trátase dunha proba teórica e escrita que incluírá entre catro e sete preguntas de desenvolvemento -corto ou medio- sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30% da nota final.	30	B1 C7 B3 B4
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 pruebas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do exame final. As datas de celebración de cada tes/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	30	B4 C7 B5
Proxecto	A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, a asistencia a actividades formativas organizadas pola Área de Dereito do Traballo e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 15%.	15	A2 B5 C7 D4 A3 A5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### CONVOCATORIA COMÚN MAIO/XUÑO (sistema de avaliación continua/sistema de avaliación final)

a) Avaliación continua. O alumno que desexe ser sometido ao sistema de avaliación continua deberá acreditar unha asistencia ao 80 % das clases teóricas e prácticas. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NA PARTICIPACIÓN EN CLASE E NAS PROBAS TIPO TEST POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NAS PROBAS FINAIS DE RESPONSA LONGA E DE CASO PRÁCTICO, NESTAS DÚAS ÚLTIMAS PROBAS DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MEDIA DE 4.00 SOBRE 10 POSIBLES. DE NON SER ASÍ, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA EVALUACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, AINDA QUE PODERÁ CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA.

b) Avaliación final. Os alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua serán avaliados nun exame final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final (a parte teórica representará un 60 por 100 da nota, e a parte práctica un 40 por 100)

#### CONVOCATORIA COMÚN DO MES DE XULLO

Se o/a alumno/a non superase a materia na convocatoria común do mes de xuño, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Con todo, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o/a alumno/a terá que someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

#### **CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:**

Na convocatoria fin de carreira o/a alumno/a sera avaliado nun único exame escrito, de carácter teórico e práctico que representará a 100 por 100 da nota final.

As datas de exame son aprobadas pola Xunta de Facultade e están publicada na web da Facultade.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

Lousada Arochena, José Fernando, **El derecho fundamental a la igualdad efectiva de mujeres y hombres : fundamentos del derecho a la igualdad de género y, en especial, su aplicación en el Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social**, Tirant Lo Blanch, 2014

Lousada Arochena, José Fernando (Coord.), **Curso de igualdad y diversidad en las relaciones laborales**, Tirant Lo Blanch, 2018

**Memento Práctico Igualdad**, Francis Lefebvre, 2019

**Guía Rápida Plan de igualdad y registro retributivo: respuestas clave**, Francis Lefebvre, 2021

##### **Bibliografía Complementaria**

Gemma Fabregat Monfort, **La Discriminación de género en el acceso al mercado de trabajo : la posibilidad de una nueva tutela a la luz de la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres**, Tirant Lo Blanch, 2008

Pérez Orozco, Amaia, **Subversión feminista de la economía**, Traficantes de Sueños, 2014

VAZQUEZ SILVA, IRIA (COORDINACION), **Complices. A violencia machista institucional**, Editorial Galaxia,

---

#### **Recomendacións**

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito do traballo I/V08G211V01302

Dereito do traballo II/V08G211V01403

Dereito da seguridade social II/V08G211V01501

Dereito sindical II/V08G211V01601